



Don Quijote curado en la venta, Iñaki Barrio (Teatro Click)

O “real/histórico” ao servizo da ficción. Usos da Historia e da realidade en *Resistencia*, de Rosa Aneiros

DIEGO RIVADULLA COSTA

Universidade da Coruña, España

Impossibilia N°11, páxinas 125-148 (Junio 2016) ISSN 2174-2464.

Artículo recibido el 12/03/2016, aceptado el 03/05/2016 y publicado el 30/06/2016.



RESUMO: Rosa Aneiros é, desde a publicación de *Resistencia* no ano 2002, unha escritora consolidada no sistema literario galego, cuxa produción reflicte unha preferencia especial por crear mundos ficticios en que a presenza da realidade histórica, sobre todo da historia recente, é determinante. Ao longo deste estudo achegarémonos a *Resistencia*, novela ambientada na época da ditadura salazarista portuguesa (1933-1974), para analizar o emprego do elemento “real/histórico”, é dicir, os usos da historia e da realidade, e en que medida estes pesan sobre a trama da obra. Deste xeito, farase unha aproximación inicial á novela expoñendo os principais recursos empregados, referindo os episodios históricos narrados e aclarando os signos de historicidade presentes.

PALABRAS CLAVE: Rosa Aneiros, novela histórica, narrativa galega actual, literatura galega contemporánea, Historia de Portugal, salazarismo, Estado Novo

ABSTRACT: Since *Resistencia* was published in 2002, Rosa Aneiros has become an established writer within the Galician literary system. Her production reflects a special preference for creating a fictional world where the presence of historical reality, especially recent history, is decisive. In order to analyse this “real/historical” element and its use, we are going to approach *Resistencia*, a novel set in the Salazarian dictatorship (1933-1974), and the extent to which this impacts on the plot of the play. Thus, a previous approach to the novel was done presenting the main used resources, recounting the historical told events and clarifying the historical sings of the novel.

KEYWORDS: Rosa Aneiros, historical novel, current Galician narration, contemporary Galician literature, History of Portugal, salazarism, Estado Novo



CONSIDERACIÓNS PREVIAS

A novela histórica ten sido, desde a súa eclosión no século XIX –cando suscitou o interese de todos os escritores románticos, conscientes de que a través dela se formulaban os principios identitarios das nacións europeas– e até a actualidade, un dos subxéneros narrativos máis cultivado en todas as literaturas mundiais. No caso particular galego, semella haber consenso en que o xénero histórico fixo a súa aparición na fin do século do Rexurdimento da man das novelas do erudito cóengo e arquivista Antonio López Ferreiro.¹ Tras un periplo irregular ao longo do pasado século XX, para o que remitimos ao completo traballo catalográfico dirixido por Francisco Salinas (2011), nos últimos anos a ficción de feitos históricos volveu despertar o interese de público e crítica. Así, entre as direccións ou tendencias de éxito que se teñen apuntado da literatura galega actual destaca a recuperación con forza da novela histórica, e especialmente daquela que recupera o pasado máis recente (Vilavedra, 2010). Nesta liña cómpre situarmos, ademais de toda a narrativa contemporánea que tematiza o pasado traumático da guerra civil e do franquismo, boa parte da obra de Rosa Aneiros.

A produción novelística de Aneiros, desde a publicación da exitosa *Resistencia* (2002),² reflicte un interese especial por construír historias ambientadas en momentos históricos moi concretos, que a autora reconstrúe con fidelidade para cuestionalos ou, como ela mesma ten indicado, “para botar luz e rescatar do esquezo episodios que non deben ser soterrados nunha gabiá anónima da memoria colectiva” (Rivadulla, 2014).³ Se nesa primeira novela longa

¹ Alén de ser considerado o primeiro escritor de novela histórica en galego coas obras *A tecedeira de Bonaval* (1895), *O castelo de Pambre* (1895) e *O niño de pombas* (1905), López Ferreiro desenvolveu unha importante labor no campo da historiografía galega, como teñen sinalado tanto Villares (1997) como Velasco Souto (2011).

² A novela resultou gañadora do Premio Arcebispo Xoán de San Clemente no ano 2003 e converteuse nun éxito editorial non só do sistema literario galego, xa que foi traducida para o portugués e para o español.

³ Cita extraída da entrevista realizada a Rosa Aneiros con motivo deste traballo de investigación nos meses de xullo de 2014.

evocaba a opresión e represión das vítimas do Portugal da ditadura de Oliveira Salazar, en *Veu visitarme o mar* (2004) facía o propio coa catástrofe petroleira do Prestige na Costa da Morte e en *Sol de Inverno* (2009) retrataba a vida dunha familia republicana galega que, ante o estalido da guerra civil española, se viu obrigada a fuxir a Barcelona e logo a exiliarse en Cuba. Aínda que estas dúas últimas obras foron tamén aclamadas por lectores e crítica –conseguindo o Premio Losada Diéguez de Creación Literaria e o Premio Xerais de novela, respectivamente–, ocupáronos nestas páxinas de *Resistencia*, por terse convertido nun éxito editorial sen precedentes –trece edicións até a actualidade– e por ter consagrado a Aneiros como escritora referente da literatura galega actual.

Cun narrador omnisciente e valéndose da técnica do *flashback*, *Resistencia* narra a historia de Dinís e Filipa desde o seu nacemento nos anos 40 do século pasado –o del froito da relación furtiva e ilexítima de Isaura e Antonio Gonçalves, que nunca o recoñecerá como fillo e acabará suicidándose pola frustración, e o dela do matrimonio entre Rui Rodrigues, próspero empresario cun negocio de comercio transoceánico e Inés– até 1994, ano en que comeza e finaliza a narración. Os protagonistas coñécense e namóranse no verán de 1959 na vila mariñeira de San Pedro de Moel, onde Dinís vive e Filipa veranea coa súa familia. Porén, a vida –e o réxime salazarista portugués– vainos levar por camiños diferentes e pór numerosos atrancos nos seus traxectos. Mentres ela estuda na universidade en Coímbra, onde vive acomodadamente, el comeza a traballar moi novo como operario nunha fábrica de vidro, onde entra en contacto co movemento sindical e se inicia na loita revolucionaria. Os seus plans veranse truncados polo recrutamento deste para o exército e o seu traslado a Mozambique para loitar na guerra colonial portuguesa. Tras vivir o terror da loita, Dinís volve a casa e á fábrica, onde prepara unha revolta obreira que causará o seu encarceramento na prisión de Peniche. Ante isto, Filipa entra en contacto tamén coa oposición estudantil á ditadura, encabezando protestas e véndose obrigada ao exilio en Brasil, perdendo todo o contacto con Dinís, xa que a Policía Internacional e de Defensa do Estado (PIDE) ten

confiscados os centos de cartas que este lle escribe. Tras unha longa estada en prisión e o trunfo da Revolución dos Cravos no 1974, o protagonista é liberado e volve á súa vida até que Filipa, a causa da morte do pai, decide voltar ao país no ano 1994 e descobre expostas no Museo de Peniche as misivas requisadas que o seu namorado lle escribira anos atrás. O final aberto da novela prodúcese cando unha Filipa consciente de que Dinís segue vivo e namorado dela se atopa ante un cruce de camiños que a poden levar de volta a Brasil ou de novo até San Pedro de Moel para se producir o reencontro.

Sobre a clasificación e adscrición xenérica da novela de Aneiros, Asorey (2007) indica, consideramos que acertadamente, que *Resistencia* é, sobre todo, unha novela de compromiso, herdeira do realismo crítico, porque constitúe un percorrido pola historia recente de Portugal e amosa como a colectividade padece a tiranía do Estado Novo de António de Oliveira Salazar. A novela é, pois, segundo Asorey, “un mural e un canto á resistencia fronte á opresión” (2007: 37), polo que entronca coa chamada narrativa de resistencia do terceiro mundo.⁴ No entanto, semella non haber dúbida de que *Resistencia* é, principalmente, unha novela histórica. A narración de feitos acontecidos nun tempo pasado, aínda que se trate neste caso dun pasado recente, a verdade dos acontecementos referidos e a verosimilitude dos personaxes e feitos ficticios constitúen proba suficiente para concederlle á novela de Aneiros este cualificativo. Indo un paso máis alá, poderíamos dicir que a obra se aproxima ao que Luengo ten denominado “nueva novela histórica”, protagonizada por “personajes ficticios, molientes y corrientes” (2012: 44) aos que se lle dá voz para cuestionaren a historia.

Sen pretender entrarmos na polémica discusión sobre o que se debe considerar novela histórica, coidamos que *Resistencia* cumpre, alén do anterior, boa parte dos requisitos

⁴ A “literatura de resistencia”, como ten sinalado Bárbara Harlow (1993), emerxeu como parte das loitas organizadas de liberación nacional por todo o terceiro mundo. Como sucede no caso da novela de Aneiros, a narrativa de resistencia “proporciona una análise histórica máis desenvolvida das circunstancias da dominación económica, política, cultural e da represión” (Harlow, 1993: 111).

sinalados por Lefere (2013) no seu intento de caracterización das obras denominadas con tal etiqueta. A presenza –e o tratamento máis ou menos rigoroso– de personaxes e acontecementos reais, documentados e transcendentos para a historia – neste caso a portuguesa– son, sen dúbida, trazos característicos e definitorios da chamada “novela histórica” (Lefere, 2013: 49). A fidelidade á historia nesta novela, que comprobaremos ao longo deste traballo, vai máis alá da verosimilitude das tramas, pois a autora procura a exactitude, de acordo coa tradición platónica.⁵ Gómez Rufo (2006), pola súa banda, ten falado da novela histórica como pretexto –porque a época en que se inscribe pode ser só iso– e como compromiso –polo que esta escolla pode ter de compromiso co pasado e con certas causas–. Coidamos, efectivamente, que *Resistencia* ten moito deste compromiso, mais o noso propósito neste traballo non será demostralo, senón máis ben analizar o que a obra, como relato histórico, ten de real e de ficticio e como ambos elementos necesarios se combinan. A propósito disto, recollemos as seguintes palabras da autora extraídas do epílogo do libro:

Os lugares, personaxes e acontecementos que se relatan nesta historia son reais. Algúns pertencen á realidade escrita nos libros de Historia e, tamén, na memoria das persoas que o viviron. Os outros, os que habitan na realidade inabrangible da Literatura resultan reais na súa mensaxe, na súa denuncia, no seu desacougo e, tamén, no seu optimismo soterrado (Aneiros, 2013: 299).

Como vemos, Aneiros xoga, como escritora, coa realidade e coa ficción, mesturándoas, para conseguir o resultado que procura. Pois ben, o noso obxectivo é estudar o uso do “real/histórico” que fai a autora para conseguir ese resultado con éxito, para o que analizaremos en profundidade como se emprega a realidade histórica ao servizo da novela,

⁵ Mentres a poética clásica (platónica) se elabora arredor dos temas e oposición da ficción/realidade, falso/verdadeiro, a aristotélica, ao se construír en torno á categoría do verosímil, constitúe a ponte para unha poética non realista (Lefere, 2013: 88).

enriquecéndoa e logrando que as fronteiras entre o real e o ficticio se mostren ás veces extremadamente borrosas. Tendo moi en conta que *Resistencia* se inscribe mediante unha precisa localización temporal nunha época da historia portuguesa moi concreta –desde os anos 40 até os 90 do século pasado– e que a novela está estruturada segundo esa evolución temporal, centrarémonos na análise dos recursos que a autora emprega para incluír o “real/histórico” na obra e mesturalo co ficticio, tales como as digresións históricas ou o uso de personaxes historicamente reais dentro da ficción narrativa.

O RECURSO DAS DIGRESIÓNS HISTÓRICAS

Segundo Franco Rubio (2008: 20), para que unha obra literaria poida ser considerada “histórica” debe comprender unha acción e uns personaxes situados en tempos pasados, mais un pasado que poida ser constatábel cientificamente mediante a obra historiográfica, é dicir, a intencionalidade da verosimilitude perseguida polo escritor debe ser real, verificábel. A de Aneiros non so é demostrable senón tamén claramente visíbel a través das digresións contextualizadoras que a continuación mostraremos. A autora defende que a ambientación “ten que estar sempre ao servizo da historia particular que relatas”, mais neste caso é consciente de que “a contorna social e histórica é tan poderosa que, por momentos, cobra todo o protagonismo e acaba converténdose nun personaxe máis da novela” (Rivadulla, 2014).⁶

Para dotar de realismo a obra e precisar as localizacións temporais desta, a autora de *Resistencia* bota man do recurso que denominaremos digresións ou parénteses históricas, a través das cales vai describindo a evolución da historia de Portugal nos anos en que se localizan os distintos episodios da novela. Non pretendemos recoller aquí todas as alusións

⁶ A autora insiste varias veces ao longo da nosa entrevista en que a historia real debe estar sempre ao servizo da ficción, actuando como marco ou pano de fondo (Rivadulla, 2014).

históricas da obra, mais daremos conta daquelas máis extensas, esas digresións que consideramos teñen como función contextualizar un episodio ou capítulo e que chaman a atención pola exactitude histórica.

Un dos criterios que sinala Lefere (2013: 93) na procura dunha caracterización intrínseca e tipolóxica da novela histórica é o modo de xestionar a información de carácter histórico. Segundo este, a xestión desa información faise en función dos coñecementos e descoñecementos por parte do lector. Así, pode presentarse mediante a clásica introdución inicial, por exemplo, ou mediante parágrafos específicos con datos históricos ostensíbeis (acontecementos e datas), explicacións de palabras ou hábitos etc. É este recurso das seccións ou parágrafos específicos, como dicimos, un dos máis empregados por Aneiros en *Resistencia*, como mostra este fragmento da primeira parte da obra:

Era agosto de 1945, duodécimo da era do Estado Novo e final da Segunda Guerra Mundial na que Portugal, escarmentada do desastre da Gran Guerra, rexeitara participar, malia os públicos afectos de Oliveira Salazar por Mussolini e Hitler. Europa comezaba unha nova confrontación que a había desangrar polos seus catro costados e con feridas abertas nos cinco océanos (Aneiros, 2013: 53).⁷

Son varias as veces que a autora refire, coma neste caso, o contexto histórico europeo relacionándoo co portugués, sobre todo a partir do capítulo catorce, cando este tipo de digresións aumenta considerabelmente. Recordemos, por exemplo, como localizaba temporalmente a narradora ese mesmo capítulo: “A chegada de 1968 colleunos por sorpresa. Europa fervía coma unha ola a presión con ganas de estourar e botar polos aires tanta hipocrisia e turbadores réximes absolutistas que afogaban a millóns de persoas” (Aneiros,

⁷ Sobre a conexión do salazarismo con outros fascismos europeos coetáneos Cfr. (Reis Torgal, 2000).

2013: 118). As alusións ao ambiente revolucionario europeo e á crecente oposición no país portugués nesta época reflíctense tamén na seguinte paréntese histórica:

En Portugal comezaran a correr novas contradictorias de movementos revolucionarios en Europa. Seica París e Praga estaban a erguer proclamas libertarias cun ton estrañamente pacifista e daban azos ós opositores ó réxime salazarista para que nunha primavera puidese chegar tamén ás fábricas e campos lusos. Dinís a penas conseguía durmir coa emoción (Aneiros, 2013: 119).

A importancia do ano 1968 na novela e na historia de Portugal faise visíbel tamén nas numerosas alusións históricas aos acontecementos ocorridos neste ano en que o protagonista, Dinís, prepara xunto con outros obreiros unha revolta na fábrica da Marinha Grande onde traballan:

Os preparativos estaban rematados en agardando o momento idóneo, e ese intre chegou en setembro. António de Oliveira Salazar sufriu unha trombose coronaria e cando Portugal quería crer que acabara o seu pesadelo particular, Marcelo Caetano foi elixido como substituto no Consello de Presidencia. O balbordo ocasionado polos cambios políticos permitiulles moverse con certa tranquilidade (Aneiros, 2013: 126).⁸

Porén, onde sen dúbida aumenta a presenza deste tipo de digresións é nos capítulos dez e once en que o protagonista se ve obrigado a viaxar a Mozambique e loitar na guerra colonial portuguesa⁹ e, máis adiante, durante a prisión deste no cárcere de Peniche¹⁰ tras a revolta na fábrica (capítulos dezasete a trinta e un). Aquí Aneiros desprega unha grande cantidade de

⁸ O 4 de setembro de 1968, o ditador Salazar foi vítima dun hematoma cerebral ao caer dunha cadeira. Unha vez os médicos declararon a súa incapacidade para gobernar –non morrería até 1970–, o Consello de Estado deu inicio ao proceso constitucional para a súa substitución. Após ter consultado corenta persoas, o presidente Américo Tomás acabou por nomear Marcelo Caetano, que tomaría posesión o día 23 de setembro (Labourdette, 2003: 588).

información que mostra un coñecemento preciso e exhaustivo de ambos feitos históricos. Non nos deteremos especialmente neles por falta de espazo, mais o estudo da memoria da guerra colonial e da prisión política na obra darían para un traballo en profundidade. A modo de exemplo, recollemos a seguinte pasaxe en que a narradora alude a un suceso de enorme importancia no desencadeamento da guerra colonial portuguesa en Mozambique:

Acontecera un dezaseis de xuño. Ese día tivo lugar o feito máis importante que precedeu a loita armada en Mozambique. Mueda, Cabo Delgado, 1960. Milleiros de agricultores da rexión reúnen para esixirle ó gobernador, presente no lugar, unha mellora nas condicións de vida e a posibilidade de creación de cooperativas. Catro horas de reunión e as autoridades, fartas de non chegaren a un acordo cos labregos, deciden disolvela abrindo fogo entre a multitude. Medio milleiro de mortos [...]. Mueda quedou na memoria colectiva como unha metáfora da guerra (Aneiros, 2013: 87).¹¹

Canto aos capítulos da prisión, recollemos a digresión histórica en que Aneiros refire algúns dos logros conseguidos polos presos políticos do réxime mediante folgas e revoltas:

As sucesivas folgas de fame, a *greve da vassoura* do 35¹² pola falta de limpeza da prisión e, sobre todo, as coñecidas *gritarias* do ano 64 fixeran que [Marcelo] Caetano forzase certos mínimos para os presos a fin de calar as denuncias. Ese ano de 1964, e por mor de revoltas

⁹ Tras a segunda guerra mundial e a creación da ONU, coa consecuente afirmación do dereito dos pobos á independencia, creouse unha conxuntura favorábel á emerxencia de movementos anticolonialistas, de modo que a mediados dos cincuenta aparecen en África as primeiras organizacións independentistas, primeiro en Angola e máis adiante en Mozambique e Guinea. A postura firme de Salazar, que conta cunha total oposición exterior, incluídos os Estados Unidos, ante as revoltas nos territorios de ultramar, leva inevitabelmente á explosión dunha guerra que terá consecuencias nefastas para o país, mais tamén para o salazarismo.

¹⁰ Entre as prisións políticas especiais do Estado Novo destacaron, principalmente, a Cadeia do Aljude de Lisboa (1933-1966), o Forte de Peniche (1934-1974), a Colónia Penal de Tarrafal en Cabo Verde (1936-1954) e o Forte de Caxias (1936-1974).

noutras prisións do país, os encarcerados viviran un período de dous meses de castigo que incluía o recorte das visitas e da recepción de comida e roupa lavada. Acumulábanse os alimentos podres e os sacos de roupa sucia [...]. Durante a noite, de catro en catro horas a partir das nove todos os reclusos gritaban ó unísono “¡Temos fame, queremos comer, queremos visitas!” [...]. Ó pouco tempo uníraselles moita da poboación de Peniche e as gritarias colectivas escoitáranse mesmo na vila veciña de Atouguia da Balea.¹³ As represalias fóra e dentro, con familiares detidos e presos torturados, non evitaran que, efectivamente, as condicións de vida en Peniche melloraran (Aneiros, 2013: 189-190).

Non podemos deixar escapar a ocasión para referirmos esta outra paréntese histórica, pola importancia do acontecemento relatado e pola forma de introducila, no medio dunha conversa entre Dinís e o camarada Lois en prisión. A narración do feito histórico vese, por tanto, subxectivada pola paixón do segundo deles, que se converte en narrador:

Hai dez anos ou así [...] que un comando do DRIL,¹⁴ composto por galegos e portugueses pretendían secuestrar en alta mar o transatlántico Santa María. Querían con isto denunciar as ditaduras de Salazar en Portugal e Franco en España. Fracasou estrepitosamente, si, pero ¿a que non sabes quen o lideraba? Pola banda dos galegos, Pepe Velo¹⁵ e o comandante J.

¹¹ Efectivamente, a Masacre de Mueda ocorría o 16 de xuño de 1960 e foi un dos últimos episodios da resistencia dos mozambicanos á dominación colonial antes do desencadeamento da loita armada de liberación nacional. A reunión tería sido pedida pola Mozambique African National Union (MANU), organización que pretendía a independencia daquela rexión de Mozambique, e acordada coa Administración. A razón dos disparos podería ter sido simplemente unha demostración de poder para disuadir os mozambicanos de loitaren pola independencia.

¹² Non atopamos documentada esta folga denominada “greve da vassoura” máis que nunha entrevista de Sérgio Vilarigues, comunista preso en Peniche durante uns meses, publicada no xornal *Avante!* en 1996. Di o seguinte ao respecto desta folga: “Até aí a limpeza era feita pelo pessoal da prisión, mas depois quiseram que fossem os presos a fazê-la. Não houve muito entendimento entre os presos, se devíamos varrer ou se não devíamos varrer, mas a malta da minha caserna entendeu que não, que isso era atentatório da nossa dignidade de presos políticos” (*Avante!*, 1996).

Soutomaior¹⁶ e pola portuguesa Humberto Delgado...¹⁷ je Galvão!¹⁸ Vaia camaleón, da dereita máis colonialista e fascista á pretendida reivindicación da esquerda... (Aneiros, 2013: 234).¹⁹

A narradora proclama, tamén mediante a alusión á realidade histórica, a liberación de Dinís da prisión ante o trunfo da revolución do 1974: “Na noite do vinteseis ó vinteseite de abril de 1974 liberaron a todos os presos da cadea de Peniche e Caixas, os derradeiros homes en compartir a festa da chamada Revolución dos Cravos proclamada o día anterior” (Aneiros, 2013: 250). No entanto, a alusión á revolución non fica aí, senón que a continuación Aneiros trasládanos con preciso detalle, mediante a máis longa paréntese histórica de toda a obra, da que aquí só recolleemos algúns fragmentos por falta de espazo, os sucesos ocorridos neses días e que deron lugar á fin do Estado Novo. Chéganos, pois, da seguinte forma, a información sobre a xestación e posta en marcha da revolución,²⁰ ao tempo que lle chega ao personaxe de Raúl G., un dos presos liberados de Peniche:

Contáranlle que antes do golpe do vinteicinco de abril producírase unha remodelación governamental no quince de marzo e un movemento militar no dezaseis dese mes. Na madrugada dese día o Rexemento de Infantería 5 [...] executara unha marcha frustrada sobre

¹³ Vila costeira portuguesa pertencente ao concello de Peniche.

¹⁴ O Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL) foi unha organización armada formada en 1959 por exiliados galegos e portugueses para loitaren contra as ditaduras salazarista e franquista. Contaba con dous secretarios xerais, Humberto Delgado e Xosé Velo Mosquera, e estivo en activo até o ano 1964. Entre os seus membros destacaron, ademais, o capitán portugués H. Galvão e J. Fernández Vázquez (Jorge de Soutomayor).

¹⁵ Xosé Velo Mosquera (1916 -1972) foi un político nacionalista galego, secretario da Federación de Mocidades Galeguistas. Detido tras a sublevación do 1936, tivo que se incorporar ao exército sublevado. Tras exiliarse en Venezuela, organizou en 1959, con membros da oposición salazarista portuguesa e con outros galegos, o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, do que foi secretario xeral. Xunto con outros membros do DRIL participou na toma do buque portugués Santa María en 1961, que pretendía chamar a atención internacional sobre os réximes ditatoriais da Península

Lisboa. Tiña como obxectivo depoñer o Goberno e acabar co réxime fascista. A rapidez coa que o Movemento dos Capitães, como así se chamou,²¹ deixou de ser unha protesta corporativa para se converter nunha cuestión política global era indiscutible. Entón souberon que aquel podería funcionar como primeiro ensaio e xa non había aneira de detelo porque todo un pobo estaba implicado na revolta (Aneiros, 2013: 252).²²

E continúa narrando os acontecementos daquel 25 de abril:

Establecido o posto de comando das forzas revoltosas no Rexemento de Enxeñería 1, na Pontinha, e difundidas as cancións *E depois do adeus* e *Grândola, Vila Morena*, que funcionaban como seña para o inicio da revolución...²³ [...] As unidades rebeldes procuraron apoderarse dos lugares estratéxicos (RTP, Radio Clube Portugués, Emisora Nacional, Cuartel Xeral da Rexión Militar...) da cidade de Lisboa (2013: 252).²⁴

Así conta a narradora, finalmente, o trunfo da revolución:

As rendicións sucedíanse coa forza das fichas de dominó que caen ó taboleiro. Os da Escola Práctica de Cabalería dirixíronse ó cuartel do Comando Xeral da GNR, no Carmo, co fin de obter a rendición de Marcelo Caetano que se refuxiara alí [...]. Despois de varios intentos de

Ibérica.

¹⁶ Jorge de Soutomaior foi un militar español confinado en África durante a ditadura militar de Primo de Rivera, pola súa afiliación republicana. Membro do Partido Comunista de España (PCE) desde 1933, nos comezos da guerra civil española foi ascendido a tenente de navío. En 1948 abandonará o PCE e, exiliado en Venezuela, convértese nun dos fundadores do DRIL, tomando parte activa no secuestro do Santa María.

¹⁷ Humberto Delgado (1906-1965), coñecido como o “xeneral sen medo”, foi oficial da Forza Aérea e destacou por ser un dos principais opositores a Salazar, tras concorrer ao cargo de presidente da República nas eleccións de 1958 como candidato da oposición democrática contra o almirante Américo Tomás, declarando que se vencese, apartaría ao ditador do poder. Tras a derrota nas eleccións pola fraude electoral, exiliouse, liderando unha das faccións da oposición á Ditadura, até que foi asasinado pola PIDE.

negociación, o xeneral Spínola, mandado polo MFA, entrou no Carmo e obtivo a rendición [...] esa mesma madrugada. Todo Portugal caeu rendido ós seus pés (253).²⁵

OUTROS SIGNOS DE HISTORICIDADE EXPLÍCITOS: PERSONAXES, ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS

Coa intención de poder sinalar con exactitude onde se atopa a materia histórica dentro dunha novela, Freire López (1991: 61) propón a distinción entre os signos de historicidade *explícitos* e *implícitos*. Entre os primeiros destaca a presenza de personaxes históricas e as pistas para localizar temporalmente a acción como as lecturas, comidas etc. Cos segundos refírese Freire a “supuestos ideológicos, vitales, de un momento histórico, que llevan a unos personajes, aunque sean ficticios, a actuar en determinado sentido, propio de un determinado período histórico” (1991: 68). Aínda que Aneiros fai uso nesta novela dos dous tipos de signos, o recurso principal que aquí estamos a analizar é a aparición de signos explícitos. Baixo esta epígrafe recolleremos algúns deses elementos empregados pola escritora na novela como recurso acorde ao realismo e á fidelidade histórica que a caracteriza, alén das xa comentadas digresións. As alusións históricas son moitas e entre elas chama a atención a continua presenza de figuras e institucións reais, da historia portuguesa principalmente, que abalan, sen dúbida, o rótulo de “novela histórica” empregado para *Resistencia*.

¹⁸ Henrique Galvão (1895-1970) foi un militar coñecido pola oposición ao Estado Novo tras a segunda guerra mundial. Dirixiu, xunto a Humberto Delgado, o asalto ao paquete Santa María en 1961. Anteriormente ocupara un posto distinguido na administración colonial e escribira varias obras sobre o tema.

¹⁹ Refírese o fragmento á famosa Operación Dulcinea, que supuxo unha humillación para o goberno e para o propio Salazar. O capitán Galvão, cun comando de vinte e dous homes, asaltaba o paquete transatlántico portugués Santa Maria en pleno mar das Caraíbas, apoderándose del, o día 22 de xaneiro de 1960.

²⁰ Para una correcta confrontación dos feitos narrados na novela, remitimos á “Cronología do 25 de abril” (*Cronología*, 1999).

Sobre os personaxes pertencentes á realidade histórica, cómpre indicarmos que estas non se entrecruzan polo xeral cos personaxes de ficción da novela, o que sería, para parte da crítica, a entidade mesma da chamada “novela histórica” (Moncó, 2008: 117). No entanto, estes personaxes reais, aínda sen participaren directamente na trama, tampouco son en *Resistencia* simple marco ou fondo desta, senón que as súas accións condicionan o desenvolvemento do relato. É o caso de Oliveira Salazar e Marcelo Caetano, cuxa omnipresenza é total, superando ambos as dez aparicións ao longo do libro. Eles son os opresores do pobo portugués e, por tanto, os responsábeis últimos das circunstancias a que se ven sometidos os protagonistas de Aneiros. Desde o momento en que Salazar é sucedido no cargo por Caetano, ambos aparecen unidos e asociados en múltiples ocasións no relato,²⁶ semella que para incidir na idea de que a mudanza de nome non fai mudar a situación portuguesa naqueles anos, nun réxime caracterizado polo inmovilismo (Rosas, 2006).

No lado contrario, no da *resistencia* propiamente dita, están os nomes de dous dos máis coñecidos opositores ao Estado Novo, Álvaro Cunhal²⁷ e Henrique Galvão.²⁸ A presenza do primeiro (Aneiros, 2013: 7, 153, 233, 237) é constante desde a dedicatoria do libro, en que Aneiros agradece “A Álvaro Cunhal. De corazón” (Aneiros, 2013: 7). Sabemos que o interese da autora por achegarse a testemuñas directas da época, levouna a pórse en contacto co líder

²¹ O Movimento das Forças Armadas ou “Movimento dos capitães” foi o responsábel da Revolución do 25 de abril de 1974, que puxo fin á ditadura e ao Estado Novo portugués. A principal motivación do grupo de militares que formaba o movemento era a oposición ao réxime e o descontento pola política seguida polo goberno en relación á guerra colonial. É tras o trunfo da revolución cando o Movimento dos Oficiais das Forças Armadas (MOFA) pasa a denominarse Movimento das Forças Armadas (MFA), que será o encargado de asumir o poder político no período de transición até a celebración das primeiras eleccións democráticas.

²² A destitución dos xenerais Spínola e Costa Gomes o día 14 de marzo do 1974 marcou a ruptura definitiva co réxime e, tal como conta Aneiros, o 5º Regimento de Infantaría das Caldas da Rainha marchou sobre Lisboa dous días despois. Aínda que foi facilmente derrotado, o movemento non desistiu e decidiu un golpe de forza (Labourdette, 2003: 595).

comunista para coñecer de primeira man aspectos sobre o seu labor na oposición ou sobre a fuga de Peniche.

É nos capítulos da prisión, onde aparece este nome asociado xa á famosa fuga de Peniche. Será o personaxe de Rogério quen relate a Dinís durante as clases de xeografía “a fuga do cárcere militar do camarada Cunhal que naquel intre vivía e traballaba na clandestinidade” (Aneiros, 2013: 237). Así conta a narradora, pois, a fuxida de Peniche daquel tres de xaneiro de 1960:

Liderados por Cunhal, membro do PCP dende a década dos trinta, dez homes evadíranse da fortificación para burla de todo o sistema de seguridade. O grupo de presos conseguira anestesiar ó carcereiro con material que chegara á prisión nun lote de roupa lavada. Unha sentinela axudou a pasar a un dos fuxitivos cara ó andar superior. Dende alí descenderon ó andar inferior por unha árbore, correron pola muralla uns metros e baixaron, un a un, a través da corda de lenzos cara ó foxo exterior. Logo de saltaren un muro chegaron á vila amparados pola escuridade. Varios automóviles con camaradas da resistencia recolléronos e leváronos a casas clandestinas (237).²⁹

²³ O xornal *A República* fixera nesa mañá un breve anuncio coa fin de atraer a atención dos auditores para a emisión Limite, que a Radio Renascença transmitiría á noite (Labourdette, 2003: 596).

²⁴ O plano das operacións desa noite era coordinado polo militar Saraiva de Carvalho e, tras a música de Zeca Afonso, nos primeiros minutos do día 25, o MFA dominou, efectivamente, os sectores estratéxicos da capital como a radio, a televisión o cuartel ou o aeroporto (Labourdette, 2003: 596).

²⁵ Esteves insiste na importancia da alianza “Povo-MFA, que foi chave das vitórias da revolución portuguesa e dos seus éxitos” (2013: 92).

²⁶ Sirva como exemplo esta pasaxe do capítulo dezanove referido a Filipa: “Nin Salazar nin Marcelo Caetano merecían o seu perdón por tanta dor inxustificada e tanta violencia agochada tralo silencio e a aparente tranquilidade” (Aneiros, 2013: 153).

Canto a Henrique Galvão, xa foi comentado o episodio que protagonizara xunto con Humberto Delgado no Santa Maria,³⁰ polo que agora centrarémonos na presentación que del se fai na obra como figura histórica clave. É a través das palabras do camarada Lois como nos chega ao protagonista e aos lectores a historia de Galvão:

Galvão é rache un oficial garrido e fachendoso, bo amigo de Salazar, quen o nomeou para importantes cargos. Levou da súa man a Exposición Colonial de Porto e mesmo a Radiodifusión portuguesa e ¡ha, ha! –riu Lois– alí andou con mociñas a fartar. Mandárono a Angola logo de non sei que xogadela lle fixo ó Salazar. Pois en África deulle pola caza maior e vaia safaris fixo o cabrón. [...] quixo volver e coller máis poder. Mira ti, Dinís cómo se revirou contra o vello que o meteu na prisión. [...] Un día disque enfermou e como ninguén o sandaba conseguiu que o mandasen ó hospital de Santa María en Lisboa e, ¿imaxinas? Fíxolle as beiras a unha enfermeira, fugouse con ela e conseguiu un salvoconduto do propio Salazar para chegar a América (134).

Alén destes, na obra figuran moitos máis nomes de persoas reais que a autora aproveita para introducir cando o contexto llo permite, como o do xeneral Spínola³¹ (Aneiros, 2013: 253) ao referir a Revolución do 74, os reis portugueses Afonso III (22) e D. Dinís (Aneiros,

²⁷ Álvaro Cunhal (1913-2005) foi un histórico dirixente do Partido Comunista Portugués. Político e escritor, foi un dos máis coñecidos opositores e resistentes ao Estado Novo, dedicando toda a súa vida ao ideal comunista e ao seu partido, do que foi secretario xeral desde 1961 –aínda na clandestinidade– até 1992.

²⁸ Véxase nota 17.

²⁹ A fuga da prisión de alta seguridade de Peniche en xaneiro de 1960 supuxo, como xa se apuntou, un golpe para Salazar e o Estado Novo. Xunto a Cunhal, escaparon outros nove destacados dirixentes e militantes do PCP: Joaquim Gomes, Carlos Costa, Jaime Serra, Francisco Miguel, José Carlos, Guilherme Carvalho, Pedro Soares, Rogério Carvalho e Francisco Martins Rodrigues. Sobre o papel destes dirixentes tras a fuga, véxase (Morgadinho, 2013).

³⁰ Véxanse notas 16 e 18.

2013: 51), ao presentar o espazo do Pinhal do Rei, ou Días Lourenço³² (237, 238) e H. Delgado³³ (234) ao falar da oposición salazarista.

Cómpre comentarmos, no entanto, aínda dúas últimas cuestións sobre os personaxes. Por un lado, mencionarmos o entrecruzamento que si se produce entre realidade e ficción mediante a cuestión da antroponimia. Referímonos ao feito de que os nomes dalgúns dos protagonistas da novela, veñen motivados por referentes reais da época, tal como nos fai saber a narradora. Así, no capítulo 3 coñecemos que António Gonçalves, pai de Dinís, recibe o seu nome en homenaxe ao ditador Salazar, do que o pai deste era fiel vasalo (Aneiros, 2013: 18); máis adiante sabemos que Isaura, no nacemento do fillo, “chamoulle Dinís en honra ao piñeirral que acollera a súa concepción”³⁴ (29) e, finalmente, a nai de Filipa recibe o nome de Inés pola vontade de seu pai de honrar á “única raíña galega que tivera a historia portuguesa” (50), en referencia a Inés de Castro, nobre galega que se converteu en raíña póstuma de Portugal pola súa relación co que sería o rei don Pedro I.

Por outro lado, alén deste xogo literario da autora, parécenos interesante sinalar a presenza de Dinís Miranda na obra, tanto na dedicatoria (7) como no capítulo final, en que Filipa descobre na súa visita a Peniche o conto que este dedica ás súas fillas, “O beço [*sic.*] da lua” (296). Trátase, de novo, do entrecruzamento de realidade e ficción, pois Miranda sería, na

³¹ António S. Ribeiro de Spínola (1910-1996) foi un militar e político portugués, décimo cuarto presidente da República Portuguesa e o primeiro após o 25 de abril de 1974. En 1968 fora nomeado gobernador militar de Guinea-Bissa, no auxe da guerra colonial, practicando unha política de respecto pola individualidade das etnias guinenses. Tras rexeitar o ministerio de Ultramar, que Caetano lle ofreceu en 1973, por non aceptar a intransixencia governamental cara ás colonias, en 1974 foi nomeado vice-xefe do Estado-Maior das Forças Armadas, cargo de que pronto foi afastado. Na súa obra Portugal e o Futuro expresa que a solución para o problema colonial portugués pasaba por outras vías que non eran a da guerra. Como representante do MFA, foi el quen recibiu, do Presidente do Conselho de Ministros, Marcelo Caetano, a rendición do Goberno.

³² António Dias Lourenço (1915-2010) foi un dos máis destacados dirixentes da historia do Partido Comunista Portugués. En 1954 organizou, nun traballo meticuloso que durou varios meses, a famosa “fuga de Peniche” de Álvaro Cunhal de 1960.

realidade, un recluso da prisión política durante a ditadura, cuxos contos, expostos actualmente no Museo Municipal de Peniche, foron o xerme de *Resistencia*, segundo a propia Aneiros ten confesado en numerosas ocasións.³⁵

A referencia a personaxes reais complementábase con outro recurso similar consistente na introdución de referencias a organismos, institucións ou grupos relacionados coa política e a sociedade portuguesa daquela altura, algúns dos cales xa foron sinalados ao longo do traballo. Estámonos a referir, por exemplo, á Comisión Nacional de Socorro a Presos Políticos, que axuda a Isaura a visitar a Dinís no cárcere (Aneiros, 2013: 208); á FRELIMO,³⁶ contra a que se obrigado a loitar Dinís na guerra colonial, (2013: 94-97), ou ao PCP, moi presente tamén na novela, sobre todo no momento de preparación das revoltas (112-113). No entanto, o organismo que máis veces aparece mencionado na obra é, sen dúbida, a PIDE, que na época do marcelismo se convertería en Direcção-Geral de Segurança (DGS). Debemos por isto en relación coa omnipresenza xa comentada de Salazar e Caetano na obra, pois, se estes representan o poder opresor, a policía do Estado Novo representa a realización desa opresión ante a *resistencia* dos protagonistas e a represión contra todo acto opositor.

Salazar creara a Policía de Vigilância e Defesa do Estado (PVDE) tras o plebiscito constitucional do 1933 para a prevención e represión de “crimes políticos”.³⁷ Designada, a partir do 1945, Policía Internacional de Defesa do Estado (PIDE), coa chegada de Caetano ao

³³ Véxase nota 16.

³⁴ O piñeiral onde se desenvolve a relación entre Isaura e Antonio recibía o nome de Pinhal do Rei en referencia ao rei don Dinís, pola falsa crenza de que fora este e non Afonso III quen ordenara a súa creación.

³⁵ Preso no cárcere de Peniche pola súa oposición ao Estado Novo, segundo apuntan os documentos do momento, foi o primeiro en abandonar a prisión o día 26 de abril de 1974, cando todos os presos políticos da cadea son postos en liberdade. Os contos ilustrados que formaban parte das cartas escritas durante a súa estada en Peniche, dirixidos ás súas fillas, foron censurados pola PIDE e requisados. Hoxe están expostos no Museo Municipal de Peniche e, segundo a propia Rosa Aneiros ten afirmado e recolle na dedicatoria de *Resistencia*, deles partiu a idea de crear a novela.

poder pasará a chamarse DGS en 1969. No entanto, a pesar da mudanza de nome, os métodos e obxectivos mantéñense. Deste xeito, a autora, a semellanza do que facía ao aludir a Salazar e Caetano, tamén cada vez que se refire á policía do Estado Novo a partir do ano 68, faino asociando ambos nomes –PIDE e DGS–, incidindo na idea do inmovilismo durante o goberno de Marcelo Caetano. Recollemos, a modo de exemplo, a referencia ao cambio de nome no capítulo dezanove e outra alusión posterior en que a autora mantén ese dualismo na nomenclatura: “os homes da PIDE/DGS (como se dera en chamar trala chegada de Marcelo Caetano ó poder)” (149) e “Oficiais da PIDE/DGS encargáronse de examinar conscienciadamente todas e cada unha das letras na procura de mensaxes codificadas” (193).³⁸

CONCLUSIÓNS E LIÑAS FUTURAS

Ao longo desta breve aproximación a *Resistencia*, pretendemos facer unha lectura desde o punto de vista histórico, por consideralo un dos aspectos máis destacábeis, senón o que máis, da novela de Aneiros. Unha primeira lectura do libro, a que fai calquera lector, dá para ver que nel a historia non é aquí un simple pano de fondo en que ocorre unha trama inventada, polo que a través da nosa análise tentamos reflectir en que medida realidade e ficción van da man e como afecta ao resultado final da obra. Alén dunha precisa localización espacial e temporal, vimos como a autora bota man dunha serie de recursos como as digresións históricas e o uso de personaxes e organismos reais que teñen moito que ver cos

³⁶ A Frente de Libertação de Moçambique foi oficialmente fundada o 25 de xuño de 1962, como movemento nacionalista, co obxectivo de loitar pola independencia de Mozambique do dominio colonial portugués. Desde a consecución da independencia en 1975, a FRELIMO é a principal forza política no país.

³⁷ Existían aínda outros dous corpos de policía menos perigosos, mais eficaces para reprimir as reunións e manifestacións da oposición ao Estado Novo: a Guarda Nacional Republicana (GNR) e a Policía de Segurança Pública (PSP) (Labourdette, 2003: 555), ás cales tamén fai mención Aneiros na obra. Véxase Anexo III.

signos de historicidade de Freire (2012) e que aquí temos denominado tamén usos do “real/histórico”.

No final, o que se reflicte é un traballo rigoroso e, como ten indicado Luengo (2012: 53) referíndose a análise dos signos de historicidade nas novelas históricas, o que fica, en calquera caso, é o texto literario, complexa construción en que se unen ficción e realidade, presente e pasado. Segundo a autora, como obxecto semiótico que é, un texto deste tipo permítenos analizar a presenza da memoria colectiva nel, así como a intención do seu autor de transmitir unha determinada visión da historia; é dicir, a súa apropiación da mesma e a súa colaboración na recreación da súa memoria. Non cabe dúbida de que en *Resistencia* se dan os mecanismos necesarios para iso e que restaría, por tanto, tras esta primeira aproximación, eminentemente descritiva, sería discutirmos cal é a visión que Aneiros transmite a través do uso destes. Sen dúbida, terá moito que ver coa pretensión xa sinalada por ela mesma cando é preguntada por esta cuestión:

Eu non pretendo reconstruír a Historia, ese é o papel dos historiadores e historiadoras. Eu constrúo historias inventadas. Ao se ambientar en momentos histórico e políticos concretos deben ser consecuentes con eses momentos, ben para cuestionalos, ben para

³⁸ Como resulta imposible explicar neste artigo cada un dos organismos que figuran na novela e tendo en conta que moitos deles foron e serán tratados no seguinte apartado, recollemos a continuación una relación alfabética de todos eles coas referencias de aparición na novela, como viñemos facendo até agora, para que o lector poida localizalos e consultar a bibliografía oportuna sobre eles ou atopar unha información básica sobre a maioría deles en García, 2013: Avante! (Aneiros, 2013: 272); Comisión Nacional de Socorro a Presos Políticos (2013: 208); Cruz Vermelha Portuguesa (CVP) (82); Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL) (234); FRELIMO: Frente de Libertação de Moçambique (94, 95, 97); Gestapo (241); GNR: Guarda Nacional Republicana (120, 127, 129, 152, 164, 168, 170, 190, 253); IAO: Instrução de Aperfeiçoamento Operacional (80); MFA: Movimento das Forças Armadas (253, 261); [Organização Nacional] Mocidade Portuguesa (83); MNF: Movimento Nacional Feminino (82, 125); PCP: Partido Comunista Português (112, 113); PIDE (85, 120, 127, 130, 133, 148); PIDE/DGS (149, 150, 152, 158, 164, 170, 174, 193, 253); PVDE (241); PSP: Polícia de Segurança Pública (241); SPM: Serviço Postal Militar (85).

evocalos, ben para botar luz e rescatar do esquezo episodios que non deben ser soterrados nunha gabiá anónima da memoria colectiva (Rivadulla, 2013).

A autora bota luz sobre a resistencia no sentido máis amplo da palabra, narrando a represión e a opresión de que foron vítimas os opositores do réxime ditatorial salazarista. A historia de Aneiros, a de Dinís e Filipa, é a Historia das vítimas que se converten en vencedores cando conseguen a democracia e a liberdade, cuxa memoria ten que ser necesariamente rescatada para (re)construír a visión total do noso pasado recente.

BIBLIOGRAFÍA

Aneiros, Rosa. (2013). *Resistencia*. Vigo: Xerais.

Asorey, Daniel. (2007). Apuntamentos sobre dúas narradoras: para una tentativa de clasificación e lectura de *Concubinas*, de Inma López Silva, e *Resistencia*, de Rosa Aneiros. En González, Helena; Lama, María Xosé (Eds.). *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da Península* (33-43). Sada: Edicións do Castro.

Avante!. (1996). O homem dos 7 instrumentos. Entrevista com Sérgio Vilarigues. 15 de febreiro. Recuperado o 17 de outubro do 2015 de <http://www.pcp.pt/partido/anos/testemu/sergio.html>

Cronologia do 25 de abril. (1999) *Camões*. *Revista de Letras e Culturas Lusófonas*, 5. Recuperado o 5 de outubro do 2015 de <http://www.instituto-camoes.pt/revista/cronologia.htm>

Esteves, José Augusto. (2013). A revolução portuguesa: os valores de Abril no futuro de Portugal. *Vértice*, 169, 89-94.

Franco Rubio, Gloria. (2008). Historia y narración histórica. Algunas reflexiones. En Franco, Gloria; Llorca, Fina (Eds.). *Las mujeres entre la realidad y la ficción. Una mirada feminista a la literatura española* (pp. 17-37). Granada: Universidad de Granada.

- Freire López, Ana M^a. (1991). Signos de historicidad y prosa de ficción: sobre el realismo en la novela. En Covo, Jacqueline. (Comp.). *Las representaciones del tiempo histórico* (pp. 62-68). Lille: Presses universitaires de Lille.
- Garcia, José Manuel. (2010). *Dicionário Essencial de História de Portugal*. Lisboa: Editorial Presença.
- Gómez Rufo, Antonio. (2006). La novela histórica como pretexto y como compromiso. En Jurado Morales, José (Coord.). *Reflexiones sobre la novela histórica* (pp. 51-65). Cádiz: Universidad de Cádiz.
- Harlow, Bárbara. (1993). *Literatura de resistencia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Labourdette, Jean-François. (2003). *História de Portugal*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- Lefere, Robin. (2013). *La novela histórica: (re)definición, caracterización, tipología*. Madrid: Visor Libros.
- Luengo, Ana. (2012). *La encrucijada de la memoria. La memoria de la Guerra Civil Española en la novela contemporánea*. Berlín: Editorial Tranvía.
- Moncó Rebollo, Beatriz. (2008). Historia, Literatura y Antropología: el caso de *Los Demonios de Teresa*. En Franco Rubio, Gloria Ángeles; Llorca Antolín, Fina (Coords.). *Las mujeres entre la realidad y la ficción: una mirada feminista a la literatura española* (pp. 113-131). Granada: Universidad de Granada.
- Morgadinho, Maria da Piedade. (2013). A revolução democrática e nacional, o rumo da vitória, *Vértice*, 169, 81-88.
- Reis Torgal, Luís. (2000). O Estado Novo. Fascismo, salazarismo e Europa. En Tengarrinha, J. (Org.): *História de Portugal* (pp. 315-340). São Paulo: Editora da Universidade do Sagrado Coração.
- Rivadulla Costa, Diego. (2014). [Entrevista a Rosa Aneiros]. A Coruña.
- Rosas, Fernando. (2006). Pensamiento y acción política en el Portugal del siglo XX. En Gómez, Braulio; Palacios, Diego (Eds.). *Una historia política de Portugal. La difícil conquista de la democracia* (pp. 51-110). Madrid: Siglo XXI.
- Salinas, Francisco. (2011). Catálogo de novela histórica galega. HTML. <http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/> (13 de maio do 2015).

Velasco Souto, Carlos. (2011). Discurso histórico e construción da identidade nacional. O caso da Galiza. http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudios/discursohist_carlos.pdf (13 de maio do 2015).

Vilavedra, Dolores. (2010). *A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica dende 2010*. Vigo: Galaxia.

Villares, Ramón. (1997). *Figuras da Nación*. Vigo: Xerais.